



A resolución rectoral do 21 de xullo de 1998 pola que se convoca a matrícula ordinaria para ó curso 1998/99 establece no Anexo II . 2. A) que os beneficiarios de gratuidade, exención ou redución de taxas académicas en virtude do réxime de protección ás familias numerosas deberán presentar fotocopia do título de beneficiario ou renovación actualizada que terá que ser eficaz no período ordinario de matrícula (dende o 27 de xullo ata o 16 de novembro).

Asemade na mesma convocatoria e na norma vixésimo primeira que regula os cambios e modificacións de matrícula e maila desistencia, establécese que se poderá realizar a desistencia total ou modificación parcial da matrícula ata o 15 de decembro.

Por outra parte a Lei 42/1994 de Medidas Fiscais Administrativas e de Orde Social ampliaba o concepto de Familia Numerosa. A incidencia negativa que esta ampliación produciu nos ingresos das Universidades fixo que na disposición Adicional Vixésimo Terceira da Lei 12/1996, de Presupostos Xerais do Estado para 1997 o Goberno se comprometese a compensar ás Universidades por esta diminución de ingresos. A Lei 17/1998 do 15 de xuño concretou este compromiso do Goberno.

Tendo en conta que o prazo para a anulación ou modificación de matrícula é ata o 15 de decembro e que en virtude das normas antes citadas que regulan a protección das familias numerosas non inciden tan negativamente no orzamento universitario dictase a seguinte

### INSTRUCCIÓN

**Primeiro.-** O prazo que establece a resolución rectoral coa convocatoria ordinaria de matrícula no ANEXO II .2. a) **ampliase de xeito que os títulos de familia numerora deberán ser eficaces no período que vai dende o 27 de xullo ata o 15 de decembro**, prazo no que se autoriza a desistencia ou modificación de matrícula.

**Segundo.-** As Unidades de Xestión Académica e maila Sección do Terceiro Ciclo enviarán o Servicio de alumnado ás reclamacións que ó respecto presenten os alumnos. No caso de haber algún afectado que non presentou reclamación procederán de oficio, á devolución das liquidacións de matrícula dos alumnos afectados por esta instrucción.

Santiago de Compostela 12 de marzo de 1999

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Vicerrector de Asuntos Económicos, Sra. Xerente, Sr. Vicexerente do Campus de Lugo, Sra. Xefe do Servicio de Alumnado, Sra. Xefe do Servicio de Control Interno, Sr. Xefe do Servicio de Contabilidade e Presupostos, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE, Sra. Xefa de Sección de Terceiro Ciclo, Srs./a Xefes das Unidades de Xestión Académica.